



O OURENSE ROMANO: AS BURGAS

Estes mananciais de augas termais (67º) e mineromedicinais son un dos símbolos da cidade. A súa historia remóntase ao tempo dos romanos, como demostran os restos arqueolóxicos atopados, e teñen moito que ver coa orixe da urbe, aínda que a súa configuración actual é recente. Atópase dividida en tres tramos: a fonte monumental, a Burga de Abaixo (s. XIX), a explanada central cun estanque e dúas esculturas modernas (s. XX) e a Burga de Arriba (s. XVII).

© www.turismodeourense.com


Óscar Soto Fernández
IES. Lagoa de Antela-Xinzo de Limia

Nas Burgas naceu Ourense na época romana, mais a súa historia é moito máis antiga segundo os achados das últimas escavacións.

En 1802 foi atopada na contorna das Burgas unha ara-altar, un exvoto dunha muller chamada Calpurnia Abana, datada no s. II d.C.

Moitos consideran que Calpurnia é a primeira ourensá histórica, con todo o seu *cognomen* invita a pensar que pertencía ao *populus* galaico bracarense dos Aebisocios ou Naebisocios, situado no alto Támega (comarca de Verín).

No epígrafe combínanse elementos indíxenas (Abana, Aeboso) con outros tipicamente romanos (Calpurnia, ex visu, V.S.L.) .



Calpurnia Abana Aeboso
cumpriu gustosa o seu voto
ás Ninfas, baixo a inspiración
dun soño

ET NVNC TRANSCRIBE LATINE INSCRIPTIONEM QVAE SVpra MVRO EST!



N

A

A cidade de Ourense desenvolveuse na época romana ao redor das Burgas, onde, desde a prehistoria, se utilizaron as súas augas con fins termais e salutíferos. As últimas escavacións (2005-2010) parecen confirmar o que xa intuía Cuevillas*, que a cidade naceu coma un santuario de peregrinación ás augas santas das Burgas, cuxo numen, polas aras votivas aquí atopadas, era Reve Anabaraego, dato que ignora Cuevillas pero que os achados confirman. A potenciación do culto a Reve polos romanos debeu de formar parte dunha estratexia para facer que os indíxenas dos castros circundantes como o de Oira ou Santomé se instalasen no val do Barbaña.

Sabemos, pois, dun xeito certo, que as Burgas eran coñecidas e estimadas polas súas virtudes curativas na época imperial, e tendo en conta a indubidable filiación indíxena que o culto dos nacentes de auga ostenta na nosa terra, é de crer que fosen xa estimadas e coñecidas antes de que a Galedia sucumbise no Medulio.

E xa entón o fondo daquela corga do Barbaña, onde gurgullaba unha fonte termal e vivía un numen, era de certo un lugar de peregrinaxe. Van pasando dende aqueles tempos moitos centos de anos, mais a pesar diso [...] as Burgas aínda conservan algo do seu vello prestixio relixioso. Aínda se di que a vea de auga quentem que alí xorde, pasa polos pés do Cristo que se veera na catedral auriense, e aínda os labregos en festas sinaladas, e en especial na véspera e no día do Corpus, achéganse ao manatíal fumegante e lavan nel as mans, a cabeza e a cara coma se cumprisen un rito. E se lles preguntáde-la razón de semellante acto, responderanvos sinxelamente que o fan porque auilo é unha cousa boa [...]

E entón coma hoxe, nun lugar de romaxe onde a xente aflúe con certa intensidade, as casas edificanse logo. Constrúese primeiro un pequeno parador para as persoas, e un alboio para as bestas. De seguida unha tendiña na que se serve o xantar, despois o taller dun artífice, e máis tarde quizais nace un mercado. E seguindo un proceso deste xénero foi como ó pé das Burgas se organizou un casar, un “vicus”.

“Como naceu a cidade de Ourense”, *Prosas galegas*, 1962.



Piscina romana do santuario de Reve Anabaraego

* Florentino López Cuevillas (Ourense 1866-1958), prehistoriador, membro destacado da Xeración Nós.

Coñecemos en total 18 inscricións adicadas a **Reve**, das que 6 apareceron no entorno das Burgas co epíteto **Anabaraego**. O resto aparecen repartidas pola provincia de Ourense (antiga Gallaecia Bracarensis) e ao norte do río Texo, na antiga provincia romana da Lusitania.



REVVE AN
ABARAEGO
T FLAVIVS
FLAVINVS

Tito Flavio Flavino (adicou isto) a Reve Anabaraego



A cidade de Ourense tivo o seu xérmolo nun _____ de peregrinación adicado a _____; con todo, as propiedades destas augas xa eran coñecidas antes da conquista romana. Ao redor do santuario foi medrando un casar ou _____ a partir de s. I d.C.

Do aspecto orixinal do santuario e do incipiente casar non temos datos, mais un texto de Plinio o Novo que describe as fontes do río Clitumno (Spoleto, Italia) e os santuario vencellado ás súas augas, pode servir para imaxinármolo:

*Junto al río se levanta un **templo antiguo y muy venerado**. En su interior hay una estata del dios Clitumno, de pie y elegantemente vestido com la toga praetexta. Que la divinidad habita em él y que incluso predice el porvenir lo indica la presencia allí de tablillas. En los alrededores hay diseminados varios santuarios más pequeños, consagrados a otros tantos dioses. Todos ellos gozan de un culto propio así como de una celebridad particular. Algunos incluso poseen su propio manantial, pues, además del Clitumno, que es como el padre de los restantes, hay varios arroyuelos que se distiguen por su origen, pero que finalmente desembocan en el río principal, atravesado en ese lugar por un puente. Éste constituye el límite entre **el terreno sagrado y el profano** [...]*

Los habitantes de Hispellum, a los que el divino Augusto hizo donación de aquel lugar, ofrecen a los visitantes unos **baños** a expensas del propio municipio, y ofrecen a éstos, asimismo, un **albergue**. Y no faltan **villas** que, atraídas por la belleza del río, se levantan en sus márgenes.

No habrá nada, em definitiva, que no te produzca um gran placer. Y es que, em efecto, incluso encontrarás tiempo para el estudio, pues leerás **numerosas inscripciones** de muchas personas grabadas en todas las columnas y en todas las paredes, en las que se celebra tanto al río como al dios.

Cartas VIII, 8



A pesar de non coñecermos o aspecto orixinal das Burgas romanas, podemos imaxinar que moi perto do río había un _____ con piscina, unha división entre os espazo _____ e o _____, que alí acudían os peregrinos a tomar _____, que había _____ onde pernoctar e que abundaban as _____ para agradecer os favores recibidos. Tamén é posíbel que houbese _____ nos arredores.

Por outra banda, tamén hai que sinalar que a expresión EX VISV da ara de Calpurnia alude á *incubatio* (latín *incubare* “deitarse”), rito que consiste en peregrinar a un santuario e durmir nel para recibir, neste caso das Ninfas, unha revelación durante o soño con indicacións sobre as causas e o tratamento da enfermidade. Na Grecia antiga estes rituais eran frecuentes nos santuarios de Asclepio e Apolo.




No século II d.C., a ara de _____ adicada ás _____ das Burgas parece indicarnos que a divindade indixena _____ estaba asimilada ao panteón romano, o cal viría a probar certo grao de _____. O epígrafe tamén nos aporta a idea de que se paracticaban rituais de _____, frecuentes en moitos outros santuarios do mundo grecorromano.



O baño de Venus, camafeo de imitación
(s. II d.C.)
Casa dos fornos (As Burgas).
Museo Arqueolóxico de Ourense

O tema do baño de Venus-Afrodita, típico da época helenística, pode rastrexarse ao longo da historia da arte europea. Se te fixas un pouco atoparás os parecidos entre esta peza e esta pintura.

Sir William Blake Richmond, *O baño de Venus*
(1895)



Outro dos achados das últimas escavacións é un pequeno camafeo ou pedra preciosa tallada do s. II d.C., cunha representación de Venus a piques de entrar no baño (baño de Venus). Trátase dunha peza de pasta vítrea, ou sexa, unha imitación barata e popular do orixinal que se conserva no Museo Británico.

BIBLIOGRAFÍA

X. M. EGUILETA FRANCO "Calpurnia Abana Aeboso" Faro de Vigo 17.03.2013

"As Burgas os Ourense. The Shrine Pool of Reve Anabaraego" http://www.sources-of-culture.com/documents/xi_sintervention/211/26/doc-as-burgass.pdf

M^a CRUZ GONZÁLEZ RODRÍGUEZ , "Reve Anabaraego como paradigma de las divinidades hidronímicas hispanas" . Los cultos del agua en el mundo antiguo. Ourense 2013.

J. C. MARTÍN (Ed.) *Plinio el Joven: Epistolario. Panegírico del emperador Trajano*. Cátedra. Madrid, 2007.